

PLAN DE ACOLLIDA

**CEIP CAMPOMAIOR
ORDES
2021-2022**



Este documento está elaborado en base á Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento no curso académico 2020/2021 das ensinanzas de educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Programa de Acollida será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada.

Data de presentación ao Consello Escolar	8 de setembro de 2021
--	-----------------------



ÍNDICE

a) Novas normas de organización e funcionamento.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

a) Novas normas de organización e funcionamento.

O plan de adaptación á situación COVID-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

A continuación reflectimos as máis salientables:

▪ Entradas/Saídas.

O obxectivo das seguintes medidas é a non aglomeración de persoas, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal (1,5 m.).

Permitirase a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva.

O éxito deste plan dependerá do cumprimento estrito (por parte das familias e do profesorado) dos horarios establecidos.

HORARIO DE ENTRADA.

	Nivel	Horario	Acceso ao recinto	Acceso ás aulas
Educación primaria.	5º - 6º EP	09:20-09:25 h.	Cancela patio exterior descuberto.	Escaleiras exteriores de acceso á 1ª planta
	3º - 4º EP	09:25-09:30 h.		
	1º - 2º EP	09:30-09:35 h.	Porta exterior polideportivo (días de choiva).	Porta exterior de acceso ao patio.
Educación infantil.	Nivel	Horario	Acceso ao recinto	Acceso ás aulas
	4º EI	09:20-09:25 h.	Cancela patio de infantil. Cancela patio cuberto de entrada (días de choiva).	Porta edificio de infantil / Porta do edificio principal (días de choiva).
	5º EI	09:25-09:30 h.	Cancela patio cuberto de entrada.	Porta do edificio principal.
6º EI	09:30-09:35 h.			

IMPORTANTE:

A apertura da cancela/porta de acceso será ás 09:15 h. O alumnado de cada nivel disporá nestes espazos dunha zona onde esperar a quenda de entrada.

Débense manter as medidas de distanciamento físico interpersoal.

Non se permitirá a entrada dos proxenitores ao recinto educativo.


O alumnado que chegue tarde á súa quenda de entrada deberá permanecer no exterior ata que o resto de grupos accedieran ao recinto e será acompañado polo conserxe á súa aula.

HORARIO DE SAÍDA.

	Nivel	Horario	Saída
Horario de saída. Educación primaria.	5º - 6º EP	14:20 h.	Polos mesmos accesos de entrada. DÍAS DE CHOIVA: SAÍRÁN POLA CANCELA PATIO CUBERTO DE ENTRADA
	3º - 4º EP	14:25 h.	
	1º - 2º EP	14:30 h.	
Horario de saída. Educación infantil.	Nivel	Horario	Saída
	4º EI	14:15 h.	Polos mesmos accesos de entrada.
	5º EI	14:20 h.	
6º EI	14:25 h.		



***Ver: Planos dos accesos ao recinto e das portas de entrada e saída.**





▪ **Recreos.**

Na medida do posible limitaranse espazos para que o grupo poida estar distanciados polo menos 1,5 m.

Incluirase, de ser o caso, a redución dos recreos ou a realización de recreos na aula. Priorizarase a realización no exterior.

Sinalización dos espazos dedicados a recreos.

Permitirase o uso de elementos comúns de xogos ou a utilización de obxectos e xoguetes coas medidas de hixiene necesarias.

	Meteoroloxía	Nivel	Horario
Recreo		Educación Infantil / Educación Primaria.	12:10-12:40 h.
	Días de choiva.	4º EI – 6º EI A – 6º EP – 5º EP – 4º EP	12:00-12:30 h. Coa seguinte distribución horaria: 12:00-12:20 h. (exterior). 12:20-12:30 h. (aula).
		5º EI – 6º EI B – 3º EP – 2º EP – 1º EP	12:10-12:40 h. Coa seguinte distribución horaria: 12:10-12:20 h. (aula). 12:20-12:40 h. (exterior).

*Posibilidade de que o recreo se realice nas aulas (decisión do equipo docente do centro) os días de choiva. Débense garantir as medidas de ventilación de espazos.

	Meteoroloxía	Etapa	Espazos
Recreo	Non choiva	Infantil	Tres espazos: patio de infantil, patio cuberto da entrada, patio cuberto de atrás. Cada espazo dividido en dúas zonas. Quenda rotatoria dos grupos polas diferentes zonas.
		Primaria	Catro espazos: pista exterior, polideportivo, ximnasio, pista de tenis. Pista exterior: dividida en catro zonas. Polideportivo: dividido en catro zonas. Ximnasio: dúas zonas. Pista de tenis: dividida en dúas zonas. Quenda rotatoria dos grupos polas diferentes zonas.
	Días de choiva.	Infantil	Dous espazos: patio cuberto da entrada, patio cuberto de atrás. Patio cuberto da entrada: dividido en dúas zonas. Patio cuberto de atrás. Quenda rotatoria dos grupos polas diferentes zonas.
		Primaria	Tres espazos: patio cuberto de atrás, polideportivo, ximnasio. Polideportivo: dividido en catro zonas. Ximnasio: dúas zonas. Quenda rotatoria dos grupos polas diferentes zonas.

*Posibilidade de que o recreo se realice nas aulas (decisión do equipo docente do centro) os días de choiva. Débense garantir as medidas de ventilación de espazos.



***Ver: Planos onde se establecen as zonas e espazos de recreo.**



▪ **Quendas de garda de recreo.**

Para manter os grupos estables de convivencia, os mestres encargados de facer as gardas serán os titores e mestres especialistas que o farán de xeito rotatorio.

▪ **Quendas de garda de entrada.**

O/a mestre/a que imparta clase na 1ª sesión co grupo, será o/a encargado/a de supervisar o acceso ao centro e acompañar ao alumnado ata aula, comprobando que realiza as rutinas previas ao inicio da xornada lectiva.

▪ **Quendas de garda de saída.**

O/a mestre/a que imparta clase na 5ª sesión co grupo, será o/a encargado/a de acompañar ao alumnado ata a saída e supervisar a mesma.

▪ **Acompañamento do alumnado.**

Recoméndase un acompañante por alumno/a tanto no momento de entrada como no de saída. En ningún caso o/a acompañante do/a alumno/a poderá acceder ao recinto escolar.

▪ **Transporte escolar.**

Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.

Parada dos autobuses na vía pública (mesmo espazo que en cursos anteriores).

- Momento de entrada (09:20 h.): acceso do alumnado transportado pola cancela exterior habitual. O alumnado de educación primaria accederá ao patio exterior/polideportivo para incorporarse ao seu grupo. O alumnado de 5º e 6º educación infantil será acompañado ao patio cuberto onde se incorporará ao seu grupo. O alumnado de 4º de educación infantil será acompañado ata o patio de infantil/patio cuberto para incorporarse ao seu grupo. Será acompañado polo profesorado de garda de transporte, en fila con distanciamento físico interpersoal. Saída do alumnado do autobús por niveis (dende os máis pequenos aos maiores).
- Momento de saída (14:30 h.): o alumnado transportado acudirá ao patio cuberto no momento da saída onde se colocará na súa liña de transporte para, unha vez, todos/as reunidos acceder ao autobús. O alumnado de primaria da 1ª planta, o alumnado de primaria e infantil da planta baixa e o alumnado de 4º de infantil; será acompañado polo profesorado de garda de transporte ata o patio cuberto, en fila con distanciamento físico interpersoal. Entrada do alumnado ao autobús por niveis (dende os máis pequenos aos maiores).

▪ **Quendas de garda de transporte.**

Os membros do equipo Covid do centro e o profesorado especialista de PT e AL realizarán as gardas de transporte.

▪ **Titorías.**

As titorías levaranse a cabo os martes de 17:00-18:00 h.

Serán preferentemente telemáticas (teléfono/videoconferencia) e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da titoría do/a alumno/a con cita previa (empregando as canles habituais: abalarMóbil, axenda do alumnado, chamada telefónica, formulario oficial do centro) e coas seguintes medidas:

- Distancia de seguridade.
- Emprego de máscara.
- Disponibilidade de produtos de limpeza de mans.

▪ **Aula de informática.**

En principio utilizarase como aula de apoio/reforzo ou aula de valores/atención educativa. Para aqueles grupos que precisen formación no uso de novas tecnoloxías, para o caso de ensinanza non presencial, habilitarase este espazo. O profesorado demandante deste servizo solicitará á xefatura un horario de uso deste espazo tendo en conta que o aforo máximo de usuarios será 13 persoas (incluído o/a mestre/a).

▪ **Aula de Inglés.**

Soamente para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria.

Tamén será utilizada como aula de apoio de acordo ás necesidades organizativas de centro.



▪ **Sala de usos múltiples.**

Seguirá sendo utilizada como aula de música. Será o espazo de reunión de órganos colexiados (claustro e consello escolar) e do equipo docente de EACE xa que reúne os requisitos técnicos de separación e aforo.

▪ **Aseos.**

O uso dos aseos estará limitado ao 50% de aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.
De acordo con estas premisas:

- O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula.
- Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con distintivos non poderán ser empregados.
- A limitación de aforo para os baños será a dous usuarios, e para controlalo haberá un sistema distintivo, que indicará se o baño está libre ou non.
- Todos os aseos terán cartelería sobre a educación COVID-19.

▪ **Circulación polo centro.**

Diferenciamos catro cancelas/portas de acceso ao recinto:

- Cancela exterior do patio descuberto.
- Porta exterior do polideportivo.
- Cancela principal do patio cuberto de entrada.
- Cancela exterior do patio de infantil

Diferenciamos catro portas de acceso aos edificios:

- Porta principal do centro.
- Porta exterior da planta baixa ao patio exterior.
- Porta exterior da 1ª planta ás escaleiras do patio exterior.
- Porta principal do edificio de infantil.


As circulacións polos corredores do centro realizaranse polo lado dereito.

O uso do elevador quedará limitado ás persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara.

As escaleiras interiores de acceso á 1ª planta serán usadas polos distintos grupos nos desprazamentos á aula de música, aulas de apoios/reforzos e aulas de PT/AL (circulacións polo lado dereito). Tamén serán usadas polos usuarios de transporte escolar (3º, 4º, 5º e 6º EP) no momento da saída.

Medidas de distanciamento físico interpersoal.

Ver: Plano vías de circulación polos corredores do centro nas distintas plantas e edificios do centro escolar.





▪ **Actividades.**

Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro. Estas celebracións poden organizarse dun xeito diferente, e correspóndenlles aos diferentes equipos docentes a organización delas baixo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente grupo.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.

En canto a outros eventos no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación. Previa comunicación ao equipo Covid.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, difundirase entre as familias a través de medios telemáticos.

Unha vez comezado o curso académico, os/as titores/as que o consideren, realizarán titorías presenciais co seu grupo na aula.

Estas reunións terán lugar baixo as seguintes normas de seguridade:

- Organización de dúas quendas de titoría por grupo (cando non se dea asegurado o distanciamento interpersoal).
- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5 m.
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá 15 minutos de separación, tempo no que se realizarán labores de limpeza nas cadeiras empregadas.

Inicio de curso:

O alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican dende o cambio da porta de acceso ao recinto escolar ata a ruta que debe seguir para chegar á súa aula.

Se ademais lle engadimos ao alumnado que cambia de nivel, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial o primeiro día lectivo.

Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos os horarios organizando as seguintes quendas:

Nivel	Zona de entrada/saída	Hora de entrada	Hora de saída
5º e 6º de Educación primaria	Patio exterior	09:20 h.	14:20 h.
3º e 4º de Educación primaria	Patio exterior	09:25 h.	14:25 h.
1º e 2º de Educación primaria	Patio exterior	09:30 h.	14:30 h.
5º e 6º de Educación infantil (4 e 5 anos)	Patio cuberto de entrada	09:20 h. (4 anos) 09:25 h. (5 anos)	14:20 h. (4 anos) 14:25 h. (5 anos)
4º de Educación infantil (3 anos)	Patio de infantil	As fixadas no período de adaptación	As fixadas no período de adaptación

O primeiro día de clase, o profesorado titor recibirá ao seu alumnado na zona de entrada para acompañalo á súa respectiva aula. O equipo directivo coordinará a incorporación do novo alumnado de cada grupo.

Neste primeiro día de clase, o alumnado **será recibido polo** seu titor/a, que será o/a encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento. Coordinarase co profesorado especialista que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

Os horarios de recreo respectaranse, deixando a posibilidade de que o alumnado de educación infantil faga un segundo recreo.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:
 - Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
 - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
 - Establecer zonas de recreo.
 - Dividir o patio para que cada grupo dispoña dun espazo de recreo.
 - Regular o acceso aos aseos.
- Distancia social:
 - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
 - Evitar situacións de contacto físico.
- Responsabilidade individual:
 - O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
 - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid, para elo deberán facer un test diario no que comprobren a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:
 - Reforzar o servizo de limpeza.
 - Realizar desinfeccións dos aseos tres veces por mañá.
 - Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
 - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
 - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.
- Hixiene persoal:
 - Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de xel hidroalcohólico nas aulas e xabón líquido nas aulas e nos baños.
 - Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara o levar obxectos á boca.
 - Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual:
 - Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto (p. ex. antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar teclado e rato, acción que debo repetir ao finalizar o seu uso).



- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exige da limpeza que poida facer o persoal de limpeza (p. ex. a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o xeito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza).
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
 - Xel hidroalcohólico: nas aulas e espazos comúns.
 - Xabón: nas aulas, nos aseos e botiquíns.
 - Panos desbotables: nas aulas, aseos e espazos comúns.
 - Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil e aulas especiais (PT, AL, Música e Educación Física).
 - Solución desinfectante: nas aulas e dependencias administrativas.

Protección

- Uso de máscara:
 - Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado nas zonas comúns e recreos.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado a partir dos 6 anos de idade dentro das aulas.
- Pantallas:
 - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
 - Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (ou gafas de protección ocular).
- Mamparas:
 - Para realizar trámites coas familias instalouse unha no despacho de administración.
 - Nas aulas de PT e AL (se é preciso), que se empregarán para a realización das tarefas que o requiran.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación básica de usuarios. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 2021/2022 cunha serie de accións que faciliten e emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- Acceso á aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampa maior/aulavirtual/>
- Acceso aos diferentes cursos.
- Envío de tarefas a través da aula virtual.
- Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da mesma.
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación abalarMóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.campa maior@edu.xunta.gal
- Teléfono: comunicación directa e inmediata no 881880886

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos/as mestres/as especialistas e o equipo docente de TICs.

Etapa / nivel educativo	Acción a desenvolver	Lugar	Temporalización
Educación infantil	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (mediante mensaxería interna)	Primeira semana de curso
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Casa (comprobar as familias que teñen dificultades para acceder)	Primeira semana de curso
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeira /segunda semana do curso
Educación primaria	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (axenda)	Primeira semana de curso
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Colexio e casa (detectar dificultades)	Primeira semana de curso
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeira /segunda semana do curso
	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
	Acceso a contidos das áreas	Colexio e casa	Primeira semana
	Realización de cuestionarios e tarefas	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
Familias	Curso básico sobre todos os aspectos relacionados coa aula virtual	On line (casa). Posibilidade de resolver dúbidas de xeito presencial con cita previa.	Primeiro mes de curso



O primeiro mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un modelo de ensino mixto. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, documentos, etc.) que despois se empreguen nas sesións presenciais. Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixeirar as mochilas que leva o alumnado. Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Dende o Departamento de Orientación e a Comisión de Coordinación Pedagóxica trataranse de facer suxestións relativas aos seguintes aspectos:

- A nova normalidade.
- Outras formas de socialización.
- Afectacións psicolóxicas máis comúns.
- Benestar emocional.
- Educación emocional. Desenvolvemento de competencias emocionais en tempos de Covid.